




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Concello: Marín. Parroquias: Nosa Señora do Carme de Seixo no norte, Santa María de Ardán ao oeste e San Tomé de Piñeiro ao este. Extensión: 4,38km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Fronte costeira con complexo sedimentario na praia de Loira flanqueado por paredes acantiladas de escasa potencia. A vertente continental desenvólvese polo curso baixo do Río Loira que discorre por un val de fractura no que o canle principal e afluentes aproveitan as liñas de debilidade tectónica para configurar as súas concas que se cruzan pouco antes da boca na praia de Loira. Obsérvase un contraste entre o fondo dos cavorcos con pendentes suaves regularizadas polos depósitos aluvio-coluviais e as ladeiras contiguas de maior desnivel que rematan nas aliñacións montañosas circundantes como o Monte Sobareiro ou o Outeiro de Campolongo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade presenta na súa maioría granitos de feldespato alcalino que coinciden cos promontorios que rodean a praia de Loira. Desde a praia, expandéndose cara ao interior, atópase unha banda de materiais coluvio-aluviais que se bifurca en dous cara ao nordés e cara ao sueste, ocupando os fondos de val do río Loira e do regadoiro das Corgadas, respectivamente. Así mesmo, na praia de Loira, recoñécese unha pequena superficie ocupada por depósitos de area.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Fachada costeira e val incluídos no domini climático Cálido e Húmido: temperatura media anual por enriba de 14°C e precipitacións acumuladas entre 1200mm e 1400mm anuais. A variación térmica ao longo do ano sitúase entre 12,5°C e 13,5°C. O Coto de Sarridos e o Outeiro de Campolongo actúan de obstáculo montañoso fronte ás masas de aire húmidas oceánicas polo que reciben máis precipitacións, que se sitúan no rango de 1400mm a 1800mm anuais, polo que definen un ambiente climático Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

Domínio dos cambisoles dístrico-úmbricos na maior parte da vertente costeira soportando usos agrícolas forestais. A cabeceira do val pola súa banda presenta solos menos evolucionados, de menor espesor nos que pode aflorar o substrato rochoso nos horizontes superficiais, principalmente umbrisoles dístricos e regosolos, que se localizan sobre todo no cumo e ladeiras do Monte Cernello. En canto aos solos costeiros a súa presenza límitase aos areosoles da praia de Loira.


AS AUGAS

A rede hidrográfica da unidade atópase xerarquizada a favor do río Loira, procedente do este, ao que nas proximidades da súa desembocadura, nas Augas Costeiras 20165 da Ría de Pontevedra, únese pola esquerda o regueiro das Corgadas, que tamén alcanza un considerable desenvolvemento continental.

O PATRIMONIO NATURAL

Fronte sedimentario sen dunas con pequeno sector de encoro(grupo 13) e acantilados mariños atlánticos (1230) nos extremos. Unidade densamente ocupada, agraria e urbanisticamente. Arbolado interior transformado que aporta xeralmente masas mixtas nas que frondosas autóctonas derivadas de carballeiras (9230) e soutos (9260) ou bosques de ribeira (91E0), mesturáronse con piñeiros, eucaliptos e árbores de xardín. O Río Loira e o seu afluente Rego das Corgadas aportan as masas ripícolas (91E0), ás veces en estado mixto. Pero tamén é necesario destacar o extenso mosaico de masas mixtas e frondosas puras que cobre as ladeiras setentrionais do monte coroado polo Outeiro dos Monos e o Outeiro de Campolongo. Algúns sectores desta gran masa arborada parecen a unión das recolonizacións a partir de campos abandonados, mentres outros poden ser asimilados a eses antigos soutos e carballeiras. Na cima destas elevacións dominan os ambientes de mato reunidos nas breixeras secas europeas (4030).

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A presión que exerce o veciño núcleo de Marín fai que boa parte do territorio desta unida acolla funcións residenciais, especialmente nas zonas próximas á fronte litoral, seguindo as vías de comunicación, compartindo o espazo con agras de cultivo, vides e bosques de Quercus, situados estes na súa maioría na metade nororiental do sector. Subliñar as densas masas de repoboación de considerable superficie, situadas nas cotas máis elevadas e afastadas do litoral exceptuando as masas costeiras do Monte Sobareiro.

MORFOLOXÍA

Trátase dun ámbito bastante poboado, no que las edificacións exténdense ao longo da súa franxa costeira. Ao longo do trazado das estradas PO-551, PO-1204, PO-1206 e PO-1202, onde se sitúan os núcleos tradicionais de Vilaseca, Soaxe, Loira e Montecelo (NL) atópase a maior concentración de asentamentos espontáneos de carácter residencial e estrutura lineal, con unha morfotipoloxía propia dos núcleos tradicionais dos que derivan. Por último nas zonas elevadas do Monte de Ardán, situado no límite meridional da unidade, atópanse pequenos núcleos rurais agrupados en torno a vías secundarias como son os de A Torre e Cernello.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O sector presenta unha alta densidade de viais, de entre os que destaca a vía primaria básica PO-551 que recorre a unidade de norte a sur paralela á costa, unindo os distintos concellos da península do Morrazo, erixíndose nunha das principais arterias de comunicación do territorio. As súas marxes, por iso, rexistran o maior desenvolvemento de asentamentos. Desde esta, ramifícanse as estradas PO-1204, que da servizo ao núcleo de Loira e a súa praia, a PO-1206 e a PO-1202 que da servizo aos restantes asentamentos. Resaltar a apertura da vía de alta capacidade, VG-4.4 que atravesa a unidade de oeste a este. O resto de viais rodados vertebran o parcelario agrícola xunto ás pistas forestais nas zonas de monte.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Ao sur da unidade situada no Outeiro de Campolongo rexístrase a Mámoa de Pastoriza e no límite norte o Castro de Monte da Brea. Cómpre salientar a presenza de unha antiga fábrica salgadeira próxima á praia de Loira, a igrexa parroquial de Santa María e a de Nosa Señora do Carme son representativas da arquitectura relixiosa.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

As redes viarias principais son os eixes a partir dos cales estrutúrase a paisaxe, articulando un denso crecemento lineal. Os distintos asentamentos que se sitúan nas zonas máis chairas se mesturan con terras de labor, rodais de quercus e as especies ripícolas do Río Loira, que outorgan un carácter rural á unidade. Destacar as densas masas forestais presentes no Monte de Ardán e Cernello (situados no interior da unidade) e as do Monte Sobareiro próximo á Praia de Loira.

DINÁMICA DA PAISAXE

Neste ámbito aumentou notablemente o uso residencial, cunha proliferación de edificacións ao longo das vías principais de comunicación, en detrimento das parcelas de cultivo. Tamén é significativo o abandono de terras cultivadas para acoller usos forestais. A intervención recente de máis incidencia sobre a paisaxe corresponde á construción da vía VG-4.4


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dun paisaxe bastante humanizado, cunha gran dispersión de asentamentos ao longo dos viais, que reduciu a superficie do parcelario agrícola e a ocupada por rodais de bosquetes autóctonos. Pódese obter unha boa visión do conxunto desde o Outeiro de Campolongo onde atópase a Mámoa de Pastoriza. Cabe destacar o valor paisaxístico do Monte Sobareiro, que marca un fermoso contrapunto coa Praia de Loira. Desde a Punta de Loira obtemos unha conexión visual coa Punta Festiñanzo, na fachada oposta da Ría de Pontevedra.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos espontáneos a ambas marxes da estrada PO-551 e nas vías vias secundarias de acceso á costa EP-1204 e EP-1206, co obxectivo de ordenar os usos do solo e frear os crecementos dispersos desvencelladas dos núcleos tradicionais e sen funcións urbanas que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |










Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



